



Concello de Cangas

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2018/29	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	23 de xullo de 2018
Duración	Desde as 13:00 ata as 13:20 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	NON
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada en data 16 de xullo de 2018

Favorable	Tipo de votación: Nominal A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0	
	A favor	HÉITOR MERA HERBELLO MARIANO ABALO COSTA MERCEDES GIRALDEZ SANTOS TANIA CASTRO PAREDES XOSE MANUEL PAZOS VARELA XOÁN CHILLÓN IGLESIAS ÁNGELA VIZOSO MARCOS
	En contra	---
	Abstencións	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ
	Ausentes	---

A Xunta de Goberno Local, por maioría dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 16 de xullo de 2018.

Expediente 3681/2018. Informe-proposta da Policía Local de sinalización

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	---

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta emitida en data 18.07.2018 pola Policía Local, de prohibición de aparcamento de autocaravanas en Viñó, que di o seguinte:

"Que se están a producir problemas de tráfico na zona de Viñó en Nerga, por estacionar as autocaravanas nos estacionamentos destinados a vehículos.

Tamén poñemos no seu coñecemento que os propietarios das autocaravanas poñen cadeiras e mesas no estacionamento limitando mais este, polo que propoñemos a prohibición do estacionamento ás autocaravanas".

Expediente 888/2018. Licenza urbanística

Desfavorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
---------------------	--

EXPEDIENTE Nº 888/2018.- Denegar a M.C.R.F., con enderezo en Fontepesada, nº 4-C-A Madalena-Darbo, a legalización de caseta e muro de contención solicitada, segundo o proxecto elaborado pola arquitecta M.T.F.I., de data 20.12.2012, vistos os informes técnicos e xurídicos obrantes no expediente por incumprir as determinacións establecidas nas Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de

Concello de Cangas



Concello de Cangas

Cangas (epírafe 2.12 das Normas I).

Así mesmo, acórdase dar traslado deste acordo ao inspector de obras para que comprobe se esta obra se axusta á legalidade urbanística e ao cumprimento da sentenza ditada o pasado 23.01.2018 polo Xulgado do Contencioso Administrativo Nº2 de Pontevedra, en relación co PA nº 189/2017-G.

Expediente 3635/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3635/2018.- Outorgar a "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nº 204 PB-Vigo, para no lugar de rúa Bermeo, nº 48CC-Balea-Darbo (SGD: X), licenza de obras para executar unha R.B.T.S., para canalización de 58 metros liñais e unha arqueta, de conformidade coa documentación presentada polo enxeñeiro industrial R.P.F., de data 6 de febreiro de 2018.

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten analizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de seiscentos oitenta euros con noventa e dous céntimos (680,92 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 6714/2017. Revisión de oficio de licenza de obras

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa pendente de ampliar documentación.

Expediente 3224/2017. Solcitude de suspensión de licenza de obras

Concello de Cangas



Concello de Cangas

Non hai acordo	Motivo: Ampliar documentación
Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa pendente de ampliar documentación.	

Expediente 3644/2018. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 3644/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M.C.N.S., con enderezo a efectos de notificacións en Parada, nº 10-Coiro, titular do DNI nº X, para reparacións interiores de cuarto de baño de edificación sita en Parada, nº 10-Coiro (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a cincoentos sesenta euros (560,00 €).	

Expediente 3630/2018. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 3630/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M.M.M., con enderezo a efectos de notificacións en Barrio de Longán, nº 64-Coiro, titular do DNI X, para cambio de tella en edificación sita en Centro de Balea, nº 7-Darbo (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a novecentos corenta euros (940,00 €).	

Expediente 3575/2018. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 3575/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por R.P.O., con enderezo a efectos de notificacións en Camiño de Liméns, nº 52-O Hío, titular do DNI nº X, para preparar soleira e subir paredes de galpón en parcela sita en Camiño de Liméns, nº 52-O Hío (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a tres mil seiscientos oitenta euros (3.680,00 €).	

Expediente 2646/2018. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 2646/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por C.J.A., para cambio de cobertura en galpón de 38,72 m2., sito no lugar de Carballal, nº 10-Coiro (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a novecentos euros (900,00 €).	

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Expediente 3640/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3640/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO "A GOLETA", con enderezo a efectos de notificacións en rúa Canabés de Abaixo, nº 3-5-Coiro, titular do CIF nº X, para reparación de fachada posterior en edificio sito en rúa Canabés de Abaixo, nº 3-5-Coiro (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a catorce mil setecentos cincuenta e seis (14.756,00 €).

Expediente 2268/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2268/2018.- Dáse conta da comunicación previa presentada por M.D.O.M., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Noria, nº 3-1ºD-Cangas, titular do DNI nº X, para acondicionamento de local para despacho de pan e derivados e cafetería en local sito en rúa Ferrol, nº 3-baixo (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a cinco mil setecentos tresce euros con setenta e seis céntimos (5.713,76 €).

Expediente 3633/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3633/18.- Dase conta da comunicación previa presentada por A.M.G., para substitución de canalón oculto en edificación sita no lugar da Serra de Nacente, nº 38-Darbo (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a cincocentos vinte e oito euros (528,00 €).

Expediente 2783/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2783/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por J.S.P., para chapeado de fachada substituíndo "onduline" desprendido de edificación sita no lugar das Gruncheiras, nº 37-B-Coiro (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto, J.D.B.A., de data 1 de xuño de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a cinco mil vinte euros (5.020,00 €).

Expediente 3632/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3632/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M.C.G., para reparación da cuberta da vivenda sita no lugar de Xan Portela, nº 37-A Rosada-Coiro, nunha superficie de 166 m2., e pintado exterior das fachadas (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico S.G.F., de data xullo de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a once mil cincocentos oitenta e catro euros con noventa e catro céntimos (11.584,94 €).

Expediente 3616/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3616/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada pola COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO SITO EN RÚA REDONDELA, Nº 3-CANGAS, para limpeza de canalón, reparación e pintura en paramentos do patio de edificio sito en rúa Redondela, nº 3-Cangas (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada pola arquitecta E.F.P., de data de xullo de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a seis mil setenta euros (6.070,00 €).

Expediente 3724/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3724/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por E.S.F., con enderezo a efectos de notificacións en Camiño de Liméns, nº 46-O Hío, titular do DNI nº X, para ampliación de cerramento de parcela (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a douscentos euros (200,00 €).

Expediente 3654/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3654/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por C.P.C. e A.S.R., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Vilaboa, nº 15-2º, titulares dos DNI nº X e nº X, respectivamente, para construción de muro medianeiro entre parcelas sitas no Viso-O Hío (referencias catastrais X e X, polígono 20, parcelas 6010 e 6011), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a catro mil cincocentos corenta e cinco euros con trinta céntimos (4545,30 €).

Expediente 1856/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1856/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por J.L.P., para pintado



Concello de Cangas

de fachadas e enmarcado dos esquinais da vivenda con chapa de pedra sita no lugar de Viñó, nº 90-O Hío (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto J.M.L., de data marzo de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a catro mil cento vinte euros (4.120,00 €).

Expediente 874/2017. Renuncia á comunicación previa de actividade

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 874/2017.- Aceptar o renuncia á comunicación previa de actividade presentada o 16 de decembro de 2015 por J.L.V.L. para adega de viño no Lugar dos Carballos, Pinténs-O Hío.

Expediente 2469/2018. Cambio de titularidade para o exercicio de actividade

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2469/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por J.O.R.M., con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Ourense, nº 79-3-Coiro, titular do DNI nº X, para cambio de titularidade de establecemento dedicado a xoiería, actividade que se desenvolve no local sito na Avda. de Montero Ríos, nº 30 (referencia catastral X), que ata agora rexentaba M.E.F.A., segundo o informe favorable da arquitecta de data 13 de xullo de 2018.

Expediente 3032/2018. Prestación do servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* Concederlle o Servizo de Axuda no Fogar a A.I.P.M., con expediente nº 36008/01/002168, pola quenda de libre concorrancia e de acordo aos seguintes detalles:

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.
- Atencións de carácter psicosocial.
- Atencións de carácter doméstico.

Número de horas mensuais: 13,50 horas.

Custo total do servizo: cento setenta e cinco euros con dez céntimos (175,10 €) (doce euros con noventa e sete céntimos (12,97€/hora)).

Servizo gratuíto por expediente familiar.

Concello de Cangas



Concello de Cangas

Achega económica da persoa usuaria: 0 €/mes.

O servizo de SAF comezarase a realizar a partir do 23 de xullo de 2018, con realización das limpezas de choque necesarias e a programación dun servizo de 1,50 horas, dous días á semana.

Expediente 627/2017. Variacións no servizo de xantar na casa

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, acorda aprobar integramente a proposta seguinte de data 13.07.2018, referente a variación no Servizo de Xantar na Casa, que é como segue:

"E.G.G. xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra).

En relación ao Servizo de Xantar na Casa e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:

** Baixa no servizo a G.S.C., con expediente nº 36008/01/002050".*

Expediente 3702/2018. Axudas servizo de comedor escolar, curso 2017/2018

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de data 16.07.2018 de Xoan Carlos Chillón Iglesias, concelleiro de ensino e deportes do Concello de Cangas, que di o seguinte:

"PROPÓN

Á Xunta de Goberno Local a aprobación definitiva das axudas do servizo de comedor escolar destinado a alumnos/alumnas de educación infantil (segunda etapa) e de educación primaria, para o curso 2017-2018.

Nº REXISTRO: 8224.

APELIDOS, NOME DO SOLICITANTE: K.A..

*APELIDOS, NOME USUARIO/USUARIA COMEDOR: W.L.A..
CENTRO DOCENTE: CEIP NAZARET.*

PRAZA // DÍAS: fixa.

BONIFICACIÓN: 100%.

RESOLUCIÓN: concedida.

MOTIVO: emerxencia social.

A axuda prevista concédese abrangendo as cotas desde decembro de 2017 ata febreiro de 2018 do actual curso escolar, ampliando a anterior proposta de marzo, abril, maio e xuño".

Concello de Cangas



Expediente 3733/2018. Concesión de axudas de emerxencia social	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte proposta de resolución de data 18.07.2018 do xefe do servizo do Centro Municipal de Benestar Social, referente a concesión de axuda de emerxencia social, que di o seguinte:</p> <p><i>"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN</i></p> <p><i>E.G.G, xefe de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra).</i></p> <p><i>En relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:</i></p> <p><i>* Concesión de axuda económica por importe de novecentos cincuenta e seis euros con corenta e nove céntimos (956,49 €), a C.B.B., con DNI nº X".</i></p>	

Expediente 1094/2018. Proposta de adxudicación definitiva do proxecto "Redescubriendo as paisaxes de Berobreo"	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta da Alcaldía de data 16.07.2018, referente a adxudicación definitiva do contrato administrativo do servizo de execución do proxecto "Redescubriendo as paisaxes de Berobreo", que é como segue:</p> <p><i>"Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato administrativo de servizo de execución do proxecto 'Redescubriendo as paisaxes de Berobreo'.</i></p> <p><i>Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil 'ÁRBORES S. COOP. GALEGA', con NIF nº X, por resultar esta a oferta economicamente a mais vantaxosa das achegadas.</i></p> <p><i>Visto que esta empresa achegou en tempo e forma (entrada nº 8278 do día 13.07.2018) a documentación requirida e que, así mesmo, constituíu garantía definitiva por importe de mil douscentos vinte e dous euros con setenta e oito céntimos (1.222,78 €), mediante depósito en efectivo.</i></p> <p><i>Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:</i></p> <p>ACORDO</p> <p><i><u>Primeiro.-</u> Adxudicar á empresa 'ÁRBORE S. COOP. GALEGA', con NIF nº X, o contrato administrativo de servizo de execución do proxecto 'Redescubriendo as paisaxes de Berobreo', por importe de vinte e nove mil cincocentos noventa e un euros con vinte e oito céntimos (29.591,28 €) (21% de IVE incluído).</i></p> <p><i><u>Segundo.-</u> O prazo máximo de execución do servizo é de 45 días contados desde o día seguinte ao de</i></p>	



formalización do contrato.

Terceiro.- Dispoñer o gasto con cargo á aplicación 336-619 do vixente orzamento municipal.

Cuarto.- Notificar a 'ÁRBORE S. COOP. GALEGA', a adxudicación do contrato e citar ao seu representante para a sinatura deste.

Quinto.- Nomear responsable do contrato á arquitecta municipal, M.I.M.F., a quen lle corresponderá supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sexto.- Publicar a formalización do contrato no perfil do contratante.

Sétimo.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 da LCSP.

Oitavo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de intervención e apoio xurídico, así como, á responsable do contrato".

Expediente 2787/2018. Proposta de aprobación prezos públicos programa deportivo escolar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/
Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 10.07.2018 do concelleiro de ensino e deportes, referente a aprobación de prezos públicos do programa deportivo escolar, que é como segue:

"Tendo prevista a organización do PROGRAMA DEPORTIVO ESCOLAR

PROPOÑO: que se aprobe pola Xunta Local de Goberno a PROPOSTA DE PREZOS PÚBLICOS que se achega o final deste expediente.

PROPOSTA PREZOS PÚBLICOS

ESCOLAS DEPORTIVAS E MUNICIPAIS (marcar cunha "x" as opcións a elixir)					
<input type="checkbox"/> ATLETISMO	45 €	<input type="checkbox"/> PSICOMOTRICIDADE	45 €	<input type="checkbox"/> VOLEIBOL	45 €
<input type="checkbox"/> BALONCESTO	45 €	<input type="checkbox"/> TAEKWONDO	45 €	<input type="checkbox"/> WINDSURF	60 €
<input type="checkbox"/> CICLISMO	50 €	<input type="checkbox"/> VELA	60 €	<input type="checkbox"/> XADREZ	45 €
<input type="checkbox"/> PATINAXE	45 €	<input type="checkbox"/> TENIS	50 €	<input type="checkbox"/> XIMNASIA	45 €
<input type="checkbox"/> PIRAGÜISMO	60 €	<input type="checkbox"/> TENIS DE MESA	50 €	<u>PREZOS POR TODO O CURSO</u> (8 meses)	

<u>ACTIVIDADE</u>	<u>CURSO (curso no que deben estar para poder realizar a actividade)</u>
-------------------	--

PSICOMOTRICIDADE	1º inf	2º inf	3º inf						
TAEKWONDO		2º inf	3º inf	1º prim	2º prim	3º prim	4º prim	5º prim	6º prim
TENIS		2º inf	3º inf	1º prim	2º prim	3º prim	4º prim	5º prim	6º prim



Concello de Cangas

ATLETISMO		2º inf	3º inf	1º prim	2º prim	3º prim	4º prim	5º prim	6º prim
PATINAXE			3º inf	1º prim	2º prim	3º prim	4º prim	5º prim	6º prim
VOLEIBOL			3º inf	1º prim	2º prim	3º prim	4º prim	5º prim	6º prim
CICLISMO				1º prim	2º prim	3º prim	4º prim	5º prim	6º prim
TENIS MESA				1º prim	2º prim	3º prim	4º prim	5º prim	6º prim
XADREZ				1º prim	2º prim	3º prim	4º prim	5º prim	6º prim
XIMNASIA				1º prim	2º prim	3º prim	4º prim	5º prim	6º prim
BALONCESTO					2º prim	3º prim	4º prim	5º prim	6º prim
VELA (windsurf)					2º prim	3º prim	4º prim	5º prim	6º prim
PIRAGÜISMO						3º prim	4º prim	5º prim	6º prim
VELA (barco)						3º prim	4º prim	5º prim	6º prim

Expediente 3769/2018. Aprobación de convenio de colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o desenvolvemento de ensinanzas de formación profesional da familia profesional actividades físicas e deportivas (TAFAD)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentime
nto

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar e facultar ao Sr. alcalde-presidente do Concello de Cangas, para a sinatura do seguinte convenio de colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o desenvolvemento de ensinanzas de formación profesional da familia profesional Actividades físicas e deportivas (TAFAD), que é como segue:

"Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Cangas para o desenvolvemento de ensinanzas de formación profesional da familia profesional Actividades Físicas e Deportivas

Santiago de Compostela, ... de ... de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, R.R.G., na súa condición de conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 148/2016, de 13 de novembro, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa presidencia e o artigo 3 do Decreto 4/2013, de 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

E doutra, Xosé Manuel Pazos Varela, na súa condición de alcalde do Concello de Cangas, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ambas partes recoñécense a capacidade legal necesaria para formalizar este convenio de colaboración, consonte cos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas, e

EXPOÑEN

Concello de Cangas



Concello de Cangas

1.- *Que a formación é un instrumento necesario para o desenvolvemento integral das persoas e, especialmente da xuventude galega, polo que se fai necesario o aproveitamento óptimo dos recursos dispoñibles, a coordinación e a integración de esforzos e a mutua colaboración entre a administración local e a educativa.*

2.- *Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na oferta educativa do Instituto de Ensinanza Secundaria María Soliño de Cangas, inclúe ensinanzas de formación da familia profesional: Actividades Físicas e Deportivas. Para a impartición destas ensinanzas necesítanse instalacións deportivas que o nomeado centro non posúe.*

3.- *Que o Concello de Cangas comparte os mesmos desexos antes expostos e por esta razón, está disposto a colaborar e a prestar as axudas necesarias para un funcionamento eficaz das referidas ensinanzas no Concello.*

4.- *Que ambas institucións desexan seguir as recomendacións do artigo 25 da Lei 7/1085, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local, sobre a promoción do deporte e instalacións deportivas.*

En consecuencia, estas administracións acordan subscribir o presente convenio, con base nas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- *O obxecto do presente convenio é establecer a colaboración no eido da formación profesional regrada entre o Concello de Cangas e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; especialmente no desenvolvemento de ensinanzas de formación profesional da familia profesional: Actividades Físicas e Deportivas.*

Segunda.- *A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, asume o funcionamento e organización das ensinanzas correspondentes a:*

- Ciclo superior de formación profesional Animación de Actividades Físicas e Deportivas e/ou ciclo superior en Acondicionamento Físico, que se titorizaron a partir do curso escolar, no Instituto de Ensinanza Secundaria 'María Soliño' de Cangas.

Terceira.- *O Concello de Cangas – Concellaría de Ensino e Deporte – facilitará o uso de instalacións deportivas (pistas de atletismo, pavillóns deportivos, pistas polideportivas ao aire libre,...), así como outros espazos urbanos dependentes do Concello, para a impartición dos módulos correspondentes ás ensinanzas técnico-deportivas de grao superior que os precisen.*

Cuarta.- *O Concello de Cangas – Concellaría de Ensino e Deporte – facilitará o uso da Piscina Municipal “A Balea”, dependente do Concello, para a impartición dos módulos correspondentes ás ensinanzas do ciclo superior de Animación e Actividades Físico-Deportivas e/ou ciclo superior de Acondicionamento Físico.*

Quinta.- *O acceso a estas instalacións deportivas por parte do alumnado das ensinanzas referidas anteriormente realizarase de acordo cun horario que determine a Concellaría de Ensino e Deporte do Concello de Cangas, conforme ao marco horario xeral das propias instalacións, do centro docente e ao calendario escolar do curso e ás normas establecidas de uso das instalacións.*

Sexta.- *O Concello de Cangas - Concellaría de Ensino e Deporte - Cangas, atenderá os gastos xerais das instalacións deportivas, así como, tamén os derivados da conservación, reparación e mantemento das referidas instalacións, como titular destas.*

Sétima.- *O IES María Soliño de Cangas, a través do Departamento de Educación Física, facilitará a colaboración coa Concellaría de Ensino e Deporte na organización e promoción de actividades e xornadas vinculadas á animación físico-deportiva-saudable, dirixidas a todas as idades (visibilización*

Concello de Cangas



Concello de Cangas

de deporte na rúa, Semana do deporte, ...).

Qitava.- *A aplicación do presente convenio non implica ningún tipo de gasto para a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.*

Novena.- *Establécese unha comisión de seguimento, control e supervisión que se reunirá como mínimo unha vez ao ano co obxecto de facer un balance das accións desenvolvidas e planificar as actividades futuras.*

Esta comisión estará constituída por:

- a) Unha persoa representante da administración educativa, designada pola Xefatura Territorial da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Pontevedra, que presidirá a comisión.*
- b) O/a director/directora do Instituto de Ensinanza Secundaria 'María Soliño' de Cangas ou persoa en quen delegue.*
- c) A persoa titular da Concellaría de Deporte do Concello de Cangas, ou persoa en quen delegue.*
- d) Unha persoa designada polo Concello entre o seu persoal técnico.*

Décima.- *O presente convenio terá unha vixencia de dous anos, desde a data da súa sinatura e prorrogarase tacitamente por periodos anuais mentres non exista denuncia por algunha das partes. Dita denuncia deberá realizarse por escrito e cunha antelación de un mes á data de finalización.*

Décimo primeira.- *Carácter administrativo do convenio.*

Este convenio terá carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas.

No non previsto, aplicaráselle os principios recollidos no Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, co fin de resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións litixiosas que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

E para que así conste, asínase este convenio por triplicado exemplar no lugar e data indicados".

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850